

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Julio Abalde Alonso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

Os veciños e veciñas do núcleo do Couto en Oleiros levan anos pedindo unha solución aos problemas de perigo que presenta a estrada autonómica AC-173 que divide en dúas a zona. Solicitan que se poña un radar fixo como solución inmediata para garantir que, polo menos, non se supere o límite de velocidade na vía. Así como tamén se solicitou á administración competente a día de hoxe, a Xunta de Galicia, facer un paso de peóns e reducir a velocidade de 70 a 50 quilómetros por hora neste tramo da estrada. A Xunta rexeitou definitivamente a proposta tras un tempo inaceptable de demora en tramitar e responder, escudándose en que ao tratarse dunha vía interurbana non pode poñer un paso de peóns e ofreceu ao Concello de Oleiros que asuma a titularidade dun tramo da vía AC-173, desde o porto de Santa Cruz ata Arillo. O Concello de Oleiros non quere facerse cargo do tramo para non sufragar o seu mantemento.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2025 10:34:04
Nº Rexistro: 24405
Data envío: 23/04/2025 10:34:04.003

Así, mentres Concello e Xunta seguen eludindo a responsabilidade de resolver o problema de seguridade dos veciños da zona, as noticias de accidentes na vía séguense producindo e é continuo que algúns vehículos circulen con notorio exceso de velocidade poñendo en risco a peóns e outros usuarios da vía. É urxente que Xunta e Concello póñanse de acordo para mellorar a seguridade viaria da estrada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a mellorar a seguridade viaria da estrada autonómica AC-173 en O Couto, Oleiros.

Santiago de Compostela, a 23 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 23/04/2025 10:32:07

Carlos López Font na data 23/04/2025 10:32:30

José Ramón Gómez Besteiro na data 23/04/2025 10:32:38

CSV: REXPG-1uk29Lspt-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG

